

## Da rosa

### Nunha frase de granito do Porriño

MARGA ROMERO

Vaia por diante que gocei moito coa lectura deste libro, poemario que, quizais, botando man dalgúns dos seus versos, nos que se fai referencia a sermos unha especie, tamén esta construído “a partes iguais de inconsciencia e de ironía”. Moito hai de ironía e de humor, no sentido etimolóxico da palabra, nesta primeira obra en galego de Ramón Reboiras que agradezo, e que chama pola curiosidade para que leamos o seu libro de poemas en español *El resto del mundo. Shakespeare mata o porco cunha rosa* é unha obra que entronca directamente coa poesía galega das vangardas, incluso, ás veces, podemos percibir na lingua literaria, un achegamento á lingua da época, á de Manuel Antonio ou Cunqueiro, o que nos obriga a pensar nunha especie de Koiné que o autor coñece. No mellor



das vangardas, aquel desexo de revitalizar a tradición, aquel desexo de non condenar a herdanza á inmovilidade e á esclerose. Desde o título do libro, a cultura herdada, a cultura universal e a tradición, que nos convida a unha viaxe na que a voz poética nos transmite o roncel da súa propia “educación sentimental”, “Neste río que nos leva” no que acerta a dicir: “I eu vou cumprindo/ Meu camiño no alén”. Nesta viaxe o mapa dos afectos detense no Ulla, no Pazo de Lestrove, en Rianxo, na feira de Padrón ou vai no tren “pola beira de Cordeiro”. Viaxe na memoria e no tempo “Percorrín o mundo/ Sen saír destes concellos”. Xeografía ou radio-

grafía da súa xeración, daquela, coma outras, que “No silencio da aldea” vivía o resto do mundo, co que se conectaba vivencialmente, para poder afirmar: “E nós morremos de arrepío/ No ghetto de Varsovia”. Libro tamén de regreso, nunha historia xa particular, do retorno a casa gardada coma un tesouro, “Unha nación de néboa”, poboada de lendas e mitos e sobre todo de persoas entrañábeis que acompañan na viaxe de formación, tamén no autobús. “Vendería a Marcel Proust/ Por unha mancha de percebes”. Este libro consegue reavivar o pasado, converter un arcaísmo en neoloxismo, vivificar a historia, tal e como podemos sentir no poema dedicado Á nazón de Reboiras, / cunha empanada de millo”, velái os versos finais:

Pensa que algún día has de voltar/ Do país da etimoloxía/ Ó estranxeiro do teu nome.

Por favor, lean neste libro.

REBOIRAS, Ramón, *Shakespeare mata o porco cunha rosa*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2007, 86 páxinas.

## Obra ciclópea

### Graos de perturbación

ROMÁN RAÑA

Retornou Manuel Vilanova (Barbantes, 1944) á poesía galega e fíxoo como un furacán. Primeiro publicou *A esmeralda branca*, obra ciclópea, magmática, posuidora dunha torrencial forza expresiva capaz de perturbar as tranquilas augas da poesía galaica. Agora reeditase unha obra referencial, *E direivos eu do mister das cobras*, que tamén perturbou profundamente os derroteiros do lirismo galego da década dos oitenta do século pasado.

Primeiramente hai que dicir que o libro foxe de dúas tentacións. A primeira sería a de que o consciente colonizase o texto, a de que a razón impuxese dun modo único o poder da especulación, cousa que o deshumanizaría, isto é, o deshabitaría, converténdoo nun estrito tratado do que for. A segunda tentación sería que somente interviñese o balbuceo do inconsciente, o que metaforsearía o texto en puro testemuño psicolóxico. O irmanamento destas dúas realidades, a da consciencia e a da inocencia, permitiría ao poeta atinxir cumes máis altos de expresión e de experiencia.



Pois ben, Manuel Vilanova, ao longo do poemario e con moita frecuencia, introduce fragmentos doutros textos, tanto de xornais como citacións doutras obras e de autores variopintos. A irrupción destes discursos extrapoéticos (as noticias dos diarios, as longa citacións de ensaios históricos, antropolóxicos, etc.), axiña o notamos, ten unha finalidade peculiar, pois adquiren pronto a mesma envergadura que o texto poético propiamente dito. Notamos que estas excursións son intervencións do poeta para as dotar do mesmo valor que a súa propia poesía, pois son produto e emanación dela, non simples adornos foráneos.

Tamén cómpre dicir que a maioría dos poemas mostran un forte grao de delirio e, xa o dixemos, de perturbación: “Pensa nos poetas./Van cheos de mulleres azuis/que lles describen as covas inmortalas.”

Libro labrado por imaxes impactantes que van tecendo unha trama de obsesións como se dun labirinto autorreferencial se tratar. A presente edición vai precedida dun prólogo de Isaac Lourido Hermida e contén un epílogo de Baldo Ramos.

VILANOVA, Manuel, *E direivos eu do mister das cobras*, Ed. Follas Novas, Santiago, 2007, 154 páxinas.


## Prospeccións líricas

### Con voces para o futuro

ARMANDO REQUEIXO

O Premio de Poesía Francisco Añón, con máis de dez anos ás costas, tense consolidado xa como un referente para as escritoras e escritores noveis de Galicia. Ideado como un certame para diversas categorías, que van dende o infantil ata o adulto, nesta última década teñen sido distinguidos nas súas convocatorias voces hoxe asentadas no noso panorama poético como Enma Pedreira, Modesto Fraga, Estíbalz Espinosa, Xurxo Alonso, Baldo Ramos, María Arce, Daniel Salgado, Alberte Momán ou Lucía Novas, entre outros.

Como cada ano, a entidade que o convoca, o Concello de Outes, publicou un volume recollendo os galardoados na pasada edición baixo o título de *X Certame Francisco Añón de Poesía*. Grazas ao incansable labor do coordinador do premio, Santiago Nieto Romarís, reuníronse nesta obra os oito premiados deste ano acompañados dun



prólogo de David Otero (todo el unha proposta creativa tamén) e un epílogo de Yo-

landa Castaño (breve pero lúcido ensaio epistolar sobre o noso hoxe e mañá literarios).

Desta volta pasaron pola Serra de Outes para formar parte do xurado os amentados escritores D. Otero e Y. C a s t a ñ o, amais da profesora e estudiosa Pilar S a m p e d r o Martínez, o poeta Xosé Luís Santos Cabana e, como membro permanente, o concelleiro de cultura Manuel García Fiúza.

Entre as premiadas e premiados deste ano nas ca-

tegorías superiores (mozas e mozos de 15 a 17 anos e adultos) descóbreanse os versos namorados, sensorialistas e delicuescentes de Alba Cid Fernández (recoñecida xa noutros certames xuvenís como o Ánxel Casal ou Minerva, entre outros), os poemas derrotados e anguriantes de heraldos negros de Iria Gestoso Ríos, os textos remansados, de imaxinística brillante nun claroscuro da saudosa esperanza de Paulino Peña Álvarez e a arquitectura versal, pregada no metalingüístico de M<sup>a</sup> Carmen Caramés Gorgal.

Aqueles que se acheguen a este *X Certame Francisco Añón de Poesía* —que tan aqecidamente mantén viva a memoria dun dos nosos grandes creadores e intelectuais do XIX— han gozar da lectura de bos poemas ao tempo que lograrán a estraña alquimia da prospección no futuro, pois este tipo de certames resultan unha vizosísima canteira que preanuncia as voces do noso inmediato futuro literario.

VV.AA, *X Certame F. Añón de poesía*, Concello de Outes, 2007, 167 páxinas.